


Santiago mmm... que rico!

*Xogo-guía para coñecer
Santiago de Compostela
e a súa gastronomía*



EDITA: Turismo de Santiago de Compostela
Textos/Deseño da publicación: Yolanda Ferro
Debuxos: Andrés Meixide, extraídos da publicación *Hora de comer*
Fotografías: Arquivo de Turismo de Santiago de Compostela
Revisión lingüística: Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago
Deseño gráfico: DARDO
Imprime: Agencia Gráfica
Depósito Legal: C 2925-2011

AGRADECEMENTOS

A Miguel Vila Pernas e Andrés Meixide, –autores do conto e das ilustracións respectivamente– e a Sotelo Blanco Edicións e ao Consorcio de Santiago de Compostela, editores do libro *Hora de Comer* no que se basea este material.

Escribe aquí os teus datos:

Nome:

.....

Apelidos:

.....

.....

Presentación

Santiago de Compostela é un ha cidade moi apetitosa, que sabe a emoción. E como sabe a emoción? Imos comprobalo xogando cos nosos amigos **Sara**, **Mimia** e o cabalo **Branco de Cores...**

Con este xogo descubrirás a cidade dunha forma orixinal e divertida, a través da gastronomía: coñecerás as rúas, e algúns dos principais monumentos, pero tamén os ingredientes cos que cociñamos aquí, algúns dos pratos máis coñecidos, as tapas, o Mercado de Abastos... e moitas cousas máis.

E ademais, se completas o xogo seguindo as regras, terás un premio sorpresa!

Bo proveito!

✱ **Idades recomendadas:** 8 a 12 anos.

Os menores desta idade poden participar con axuda.

Regras do xogo

1. Punto de inicio

Debes comezar diante da **Oficina Central de Turismo de Santiago**, que está na rúa do Vilar, nº 63, e abre pola mañá e pola tarde, todos os días do ano agás festivos especiais.



 Oficina Central de Turismo de Santiago

2. Moi importante!!

Para conseguir o premio só podes fallar un máximo de 10 probas!

3. Para comprobar os resultados cando remates

Cando remates, diríxete á **Oficina Central de Turismo de Santiago**: alí comprobarán os teus resultados, diranche cantos erros tiveches e, se son menos de 10, daranche un pequeno agasallo sorpresa.

4. Moita atención co mapa!!

Tes que pintar no mapa da páxina seguinte todo o percorrido de Sara, Mimia e do cabalo Branco de Cores pola cidade, desde o principio ata o final. Non o esquezas!

Preparados, listos, xa!...
Empezamos!

Santiago de Compostela


Zona histórica



Camiño de Santiago

Catedral





Saída/chegada



**Oficina Central de
Turismo de Santiago**

Rúa do Vilar, nº 63

Aberta pola mañá
e pola tarde, todos
os días do ano agás
festivos especiais



**Benvidos!... Bienvenidos... Benvinguts... Ongi Etorri... Welcome... Willkommen...
Bienvenue... Benvenuti... Bem-vindos!!! Polas rúas de Santiago de Compostela
podemos atopar moitos turistas e peregrinos de todos os países.**

1. Como se chama a rúa na que están os nosos amigos Sara, Mimia e o cabalo Branco de Cores?

.....

2. Nesta rúa hai moitos soportais. Debuxa aquí un soportal:

O señor do mostacho que sae no debuxo está gordo de máis por estar moito tempo sentado lendo e comendo bocadillos demasiado grandes e con moito pan... Non sabe que aquí en Galicia temos un tipo de bocadillo moi especial, unha especie de “pizza galega”, que leva masa por abaixo, como todas as pizzas, pero tamén por arriba, e está recheo de ingredientes moi variados, sans e orixinais: zamburiñas, bacallau, zorza, mazá...

3. Como se chama esta especie de pizza típica de Galicia?

E _ _ _ _ _

Xa podes ir á páxina seguinte...



Tes que ir á praza que aparece no debuxo da páxina anterior, na que están Sara, Mimia e Branco de Cores, e na que tamén están a Fonte dos Cabalos e a Berenguela...

4. Como se chama esta praza?

.....

5. Que é a Berenguela?

.....


6. Na parte máis alta da Berenguela medraron froitas na pedra, como as da foto. Píntaas de cores!

Estas froitas están en moitos monumentos da nosa cidade: todos os edificios nos que aparecen son do estilo artístico chamado barroco compostelán, que se caracteriza pola decoración vexetal.

Na foto vense algunhas das froitas máis abundantes de Galicia: peras, mazás, figos... e tamén uvas!

7. Completa: “Coas uvas faise unha bebida con alcohol chamada **V** _ _ _”.

8. Completa: “En Galicia hai varios tipos de viños. O máis famoso é o **Al** _ _ _ _ _”.



Agora tes que ir á praza do Obradoiro e pasar á páxina seguinte...



Benvinda/o á famosa praza do Obradoiro! Busca nesta praza a porta pola que entra Sara no debuxo...

9. Como se chama esta parte da Catedral de Santiago?

.....

10. Que é o que podes visitar se entras por esa porta? Se non o sabes, pregúntalle a alguén.

.....

.....

.....

.....

Pasa á páxina seguinte...



Se entras pola porta da páxina anterior podes subir ao tellado da Catedral, que é como un castelo! Pero antes pasarás por un salón no que verás unhas figuras de pedra moi antigas que están celebrando un banquete...

11. De que se supón é a empanada que comen esas figuras?
Pregúntalle ao/á guía e escríbeo aquí:

.....

Cando saias de visitar o Pazo de Xelmírez e os tellados da Catedral párate un momento e mira á parte alta do Hostal dos Reis Católicos. Alí verás figuras parecidas a esta:



12. Como se chaman estas figuras?

G _ _ _ _ _ **S**

13. Para que serven?

.....

.....

14. Conta cantas hai dunha esquina á outra da fachada e escríbeo aquí:

.....

Agora ponte de costas ao Hostal dos Reis Católicos e comeza a andar en liña recta cara a rúa do Franco. Nada máis saír da praza, tes que virar á esquerda e atopar unha rúa que ten un nome galego que significa “muller que reina; feminino de rei”: vaite a esa rúa e pasa á páxina seguinte...



15. Como se chama esta rúa?

Rúa da **R** _ _ _ _

Nesta rúa, e tamén na do Franco, situada ao seu carón, hai bares nos que dan tapas moi raras, como “tigres rabiosos”, “orellas”, “crocodilos”...

16. Pero, antes de nada: sabes que é unha **TAPA**? Debuxa unha aquí:



Imos descubrir como son esas tapas raras, así que continúa andando por esta rúa chea de bares e restaurantes, ata que atopes o bar que sae no debuxo da páxina anterior...

17. Como se chama o bar do lado, no que están entrando os tunos?

T _ _ _ _ _

18. Neste bar, ao pedir a bebida, poñen de balde unha tapa curiosísima, que leva o nome dun animal moi feroz... Como se chama?

T _ _ _ _ _ **r** _ _ _ _ _


19. Cal é o ingrediente principal?

M _ _ _ _ _

20. Fíxate no cartel que o bar ten na rúa: que animal ten?

T _ _ _ _

Imos ao seguinte bar, que está só 5 pasos máis adiante...



Chegamos! Estamos diante dun bar moi coñecido...

21. De que cor é o gato?

.....

22. Como se chama este bar?

.....

23. Na lista de comidas que aparece na ventá deste bar, escolle a túa favorita e escríbea aquí:

.....

.....

.....

*Outros 5 pasos máis adiante hai outro bar moi curioso...
Mira a foto da páxina seguinte...*



Temos un problema!: desapareceu o nome deste bar, que tiña que estar escrito enriba da cabeza do porquiño, e non somos capaces de lembralo...

24. Podes dicirnos como se chama este bar?

.....

25. Por que se chama así? Podes entrar e preguntarlle ao camareiro ou á xente da rúa!

.....

.....

.....

.....

.....

Agora imos á rúa do Franco, na que hai moitos máis escaparates cheos de comida, como o que aparece na foto da páxina seguinte.

Prepárate ben, porque na rúa do Franco teremos que facer varias probas...



A foto anterior é dun escaparate dun dos restaurantes da famosa rúa do Franco, na que estamos agora...

26. Escribe aquí o nome de todos os alimentos que identificas na foto. Para que a proba sexa válida tes que identificar correctamente un mínimo de 4.

1.
2.
3.
4.
5.

Agora tes que percorrer varios escaparates e:

27. Buscar cal é para ti o peixe coa cara máis fea, e poñer aquí o seu nome, pero OLLLO!, non vale que lle poñas ti nome e lle chames “Braulio” ou “Serapio”, ten que ser o nome real, eh?


.....

28. Antes de pasar de páxina, busca nos escaparates unha centola, conta as patas que ten, e escríbeo aquí:

.....

*Agora imos ao bar que está no número 30 desta rúa,
onde poñen unha misteriosa tapa que se chama “Crocodilos”...*

Pasa á páxina seguinte...



29. Investiga (podes preguntarlle aos camareiros) e escribe aquí os dous ingredientes principais dos famosos “Crocodilos”:

.....

.....

30. Como se chama este bar no que se comen “Crocodilos”?

.....

Moi ben! Agora imos ata o final da rúa do Franco e, sen cruzar á Alameda, buscamos por aquí unha rúa dedicada a todas as persoas que están bautizadas...

31. Como se chama esta rúa?

.....

Xa podes pasar á páxina seguinte!



PAULO
SANTO

Mantequilla
Casera

MANTECA
COCIDA

VINO
ALBARIÑO

ORZOS
Blanco
Merza
Mad
Tostado
Café
Santo

CHORIZOS
GALLEGOS

Miel
Natural

A foto que ves na páxina anterior é dunha famosa tenda de alimentos que hai nesta rúa, moi tradicional e tan pequeniña que parece dun conto!

32. Tes que escribir o nome desta tenda aquí:

.....

33. Entra dentro e pregunta cal é o nome do queixo máis famoso de Galicia. Escribe aquí o nome:

T _ _ _ _ _

34. E agora tes que debuxalo e colorealo, aquí:



35. De todas as cousas de comer que hai nesta tenda, dinos cal é a túa favorita e explica por que:

.....


.....

.....

.....

*Imos agora cara o arco de Mazarelos... Para que non teñas que andar moito, dicímosche cal é o camiño máis curto: cruza a praza do Toural, sube pola rúa das Orfas, e despois desvíate á dereita pola rúa do Cardeal Payá...
Xa chegamos!*

Podes pasar de páxina!



Sara, Mimia e Branco de Cores están no arco de Mazarelos, que era unha das antigas portas da muralla da cidade...

Por esta porta había moito movemento na Idade Media: por ela entraban á cidade moitos campesiños que traían mercadorías para vender nos mercados situados dentro das murallas. Por exemplo: os carros entraban cheos de bocois de viño, que se distribuían pola cidade e logo volvían saír baleiros polo mesmo arco, como no debuxo...


36. Se vas ao edificio con escudos que se ve ao fondo do debuxo, verás que nel aparece representado un marisco que é o símbolo da cidade de Santiago e tamén dos peregrinos. Como se chama ese marisco?

V _ _ _ _ _

37. Agora vaite a carón da igrexa. Na parte lateral hai un animal gravado na pedra que parece ser que indica que aquí había hai moitos séculos un mercado dese tipo de produtos. Unha pista: está preto da esquina, debaixo do reloxo de sol e moi preto do chan. Qué animal é?

.....

38. Cópioa aquí, e coloréao:



*Ponte diante da igrexa,
de costas á entrada
e mirando cara á rúa.*

Agora pasa á páxina seguinte.



Desde onde estás (diante da porta da igrexa e mirando cara á rúa) tes que ver, xusto enfronte, un famosísimo restaurante de Santiago, que ten un nome moi curioso, ao que fai referencia o debuxo da páxina anterior.

39. Como se chama ese restaurante?

.....

40. Este sitio era moi frecuentado por xente moi importante: escritores, artistas, políticos... Un deles é o que vai correndo de último. Sabes dicirnos quen é? Unha pista: é un famoso escritor que ten unha escultura nun banco do parque da Alameda.

V _ _ _ _ - I _ _ _ _

41. Asómate a este restaurante tan especial e dinos polo menos dúas cousas que teña penduradas nas paredes. Se está pechado e non podes ver, pregúntalle a alguén!

.....

.....

.....

*Imos agora ao Mercado de Abastos...
Como lles gusta aos nosos amigos ir ao Mercado de Abastos!
Cando lles dis “imos?”, xa saen voando!*

Pasa á páxina seguinte!



Estamos nun lugar moi especial... o Mercado de Abastos!

Todas as mañás, cando a maior parte dos habitantes aínda está durmindo, moitas persoas madrugan e chegan ao Mercado de Abastos, o máis importante da cidade: son os produtores e vendedores, que saen das súas casas moi cedo para preparar as súas mercadorías e telas dispostas para cando cheguen os compradores.

42. O Mercado de Abastos está dividido en 8 pavillóns, que son todos iguais... De que están feitos estes edificios? Unha pista: é o mesmo material do que están feitas case todas as casas da cidade histórica, e tamén as igrexas, e o pavimento das rúas...

G _ _ _ _ _

43. Escribe aquí debaixo a que se dedica cada un dos 8 pavillóns. Unha pista: o número e o nome do que se vende en cada pavillón está escrito na entrada de cada un.

Pavillón 1:

Pavillón 2:

Pavillón 3:

Pavillón 4:

Pavillón 5:

Pavillón 6:

Pavillón 7:

Pavillón 8:

Pasamos á páxina seguinte!



O “polbo á feira” é un dos pratos máis coñecidos de Galicia e o favorito de Branco de Cores, das Dúas Marías, de Rosalía de Castro e de moita máis xente!

Chámase así, “polbo á feira”, porque se consume moito nas feiras tradicionais que se celebran nas prazas das vilas galegas. Nestas feiras, as “polbeiras” cocen o polbo en grandes caldeiros de cobre como o do debuxo.

44. Pregunta nun dos postos no que vendan polbo e escribe aquí os 5 ingredientes básicos do “polbo á feira”:

1.
2.
3.
4.
5.

*Pasa á páxina seguinte
para seguir descubrindo
o Mercado de Abastos!*



Agora imos coñecer os riquísimos peixes e mariscos...

45. Escribe o nome de 3 peixes que haxa á venda neste mercado e que se críen en Galicia. OLLLO!: é moi importante que sexan criados en Galicia para que esta proba sexa válida, así que asegúrate ben!

1.
2.
3.


46. Imaxina que es un xornalista e tes que realizar unha enquisa a un vendedor de marisco. Pregúntalle:

Nome da tenda:


Mariscos galegos que vende (mínimo 5, e lembra que teñen que ser galegos de verdade!):

1.
2.
3.
4.
5.

47. Lembras que marisco era o símbolo da cidade de Santiago e dos peregrinos e está gravado na pedra en moitas casas da zona histórica? Mira na páxina 27. Este marisco ten un irmán pequeno, que se chama “zamburiña”. Debuxa unha aquí:



Pasa á páxina seguinte...



Seguimos no Mercado de Abastos, pero agora coas froitas e verduras, que son as preferidas de Sara, Mimia e Branco de Cores...

48. Coa axuda de varios vendedores, fai unha lista das 3 froitas e as 3 verduras máis importantes que se producen en Galicia. É moi importante que preguntes polo menos a 2 vendedores distintos, para que saibas de verdade cales son as máis importantes.

Froitas galegas + importantes

1.
2.
3.

Verduras galegas + importantes


1.
2.
3.

E por último, a sobremesa:

49. Cal é a sobremesa máis típica de Santiago?

.....


50. Debúxaa aquí:



Rematamos!!! Xa podes ir de volta á Oficina Central de Turismo de Santiago a polo teu agasallo! Pero antes, lembra que tes que completar o percorrido no plano das páxinas 4 e 5 e volve repasar todo por se acaso!

Proba comodín: colorear aos nosos amigos

Esta proba é un comodín que vale por unha das do xogo.



Se queres coñecer máis sobre Santiago de Compostela e os nosos amigos Sara, Mimia e Branco de Cores, recomendámosche estes libros da colección **Branco de Cores** que podes atopar nas librerías de Santiago de Compostela:



Unha mensaxe para Sara
Andrés Meixide / Xosé Antonio Perozo



¿A que veñen as gaivotas a Compostela?
Andrés Meixide / X. H. Rivadulla



A rebelión das rúas
Andrés Meixide / Ana Boullón / Pere Tobaruela




Hora de Comer
Andrés Meixide / Miguel Vila Pernas



Unha vaca marela en Compostela
Andrés Meixide / Ana Boullón / Pere Tobaruela



¿Unha pantofoa na cidade?
Andrés Meixide / Ana Boullón / Pere Tobaruela



A Cruz dos Farrapos
Andrés Meixide / Ana Boullón / Pere Tobaruela



Peregrino na sombra
Andrés Meixide / Ana Boullón / Pere Tobaruela

Notas

This image shows a single sheet of white paper with ten horizontal dashed lines, typical of primary-ruled notebook paper. The lines are evenly spaced and extend across the width of the page. There is no handwriting or other markings on the paper.



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE SANTIAGO



DEPUTACION
DA
CORUÑA

www.dicoruna.es